

Jorge Mira calcula no seu novo libro a altura do ceo e as distancias e tamaño do universo

Editado por Alvarellos, será presentado este venres no museo científico Domus da Coruña

Santiago. En *A qué altura está o ceo?*, publicado este mesmo mes por Alvarellos Editora, o físico e comunicador científico Jorge Mira propón unha apaixonante viaxe no tempo, que comeza na época da Grecia clásica e chega ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo.

Un libro no que se plantexa unha das preguntas que se leva formulando o ser humano desde os albores da súa existencia.

Despois de ler as páxinas deste o seu novo traballo, o lector poderá responder a cuestións como por qué vemos o ceo azul ou o Sol amarelo?, como se puido saber a que altura están a Lúa, o Sol e os planetas?, como é posible calcular o lonxe que está unha estrela ou unha galaxia?, cal é a idade do universo?, o seu tamaño?, que quere dicir que o universo se expande e a qué velocidade o fai, ou si é certo que foi un cura quen primeiro falou do Big Bang'.

O libro, publicado dentro da Colección Oeste de divulgación e ensaio de Alvarellos Editora, está ilustrado por Dani Padrón e conta coa colaboración nos textos da escritora María Canosa.

O volume recolle fotografías da NASA e outros arquivos científicos, ademais de diferentes ilustracións históricas.

Cunha presentación e deseño atractivos e didácticos, o principal obxectivo consiste en que o seu contido sexa apto para o gran público e non só para os iniciados na materia científica.

A que altura está o ceo será presentado este próximo venres no museo científico Domus da Coruña, nun acto que terá lugar a par-

tir das 19.00 horas da tarde e non unha hora máis tarde, como estaba anunciado nun principio.

Polo que respecta á traxectoria do seu autor, Jorge Mira, nado en Baio no 1968, é físico e catedrático de Electromagnetismo na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Na súa carreira, Mira ten recibidos numerosos galardóns pola súa brillante traxectoria académica e investigadora, entre os que cabe destacar o Premio da Crítica de Galicia de investigación, o da Real Academia Galega de Ciencias, ou o do Colexio Profesional de Físicos de España.

Ademais, Jorge Mira é tamén un recoñecido comunicador científico desde finais da década dos anos noventa, tarefa pola que foi distinguido en numerosas ocasións a nivel español.

O seu estilo tanto en prensa, como en radio e televisión caracterízase sempre por demostrar unha especial capacidade para facer comprensibles as cuestións máis complexas da ciencia.

O catedrático lidera diferentes iniciativas de divulgación científica, entre as que destaca o coñecido programa Conciencia, que desde hai unha década atrae a premios Nobel de todo o mundo en diferentes disciplinas á comunidade galega. REDACCIÓN



Portada do libro de Jorge Mira